

Escritores no Camiño

[Ruta do Camiño de Inverno](#)



Ermitea de San Mauro sobre o Sil, en Doade



Ruta do Camiño de Inverno

263 kms

O Camiño de Inverno naceu como alternativa ao paso do [Cebreiro](#) para entrar en Galicia, debido ás intensas nevaradas que se rexistran na época invernal. Deste xeito, acceder desde a meseta resulta máis sinxelo e ao longo desta ruta percórrense as catro provincias da comunidade.

Paisaxe e patrimonio enriquecen este itinerario. Desde [As Médulas](#), paisaxe

cultural declarada Patrimonio da Humanidade, pasando pola [Ribeira Sacra](#), esta ruta atravesa territorios vinícolas de diversas denominacións de orixe, vilas cargadas de historia e contornas naturais irrepitibles.

No [Barco de Valdeorras](#), provincia de Ourense, atopamos o lugar de orixe de **Florencio Manuel Delgado Guirriarán**, moi implicado no Partido Galeguis-

Outra forma de ler é contemplar as pinturas murais interiores das igrexas de orixe románica que alberga a Ribeira Sacra, así como os tímpanos das súas portadas e capiteis tallados en pedra de gra. Neles pódese aprender sobre a historia sagrada, recoñecendo personaxes e escenas que forman parte do repertorio visual da cultura cristiá. Templos chantadinos como Santa María de Pesqueiras, Santa María de Nogueira de Miño, San Miguel do Monte ou Santa María de Camporramiro son bos exemplos para exercitar a nosa mirada, gozando ao mesmo tempo da paisaxe da zona.



Catamarán no Sil



ta, polo que tivo que exiliarse a México tras rematar a Guerra Civil. No seu novo destino cofundará a revista *Vieiros*, colaboraría en varias publicacións periódicas e chegou a ser membro non numerario da Real Academia Galega. *Galicia infinita*, *O soño do Guieiro*, *Opúsculos de poesía*, *Cantareñas*. *Poemas* ou *Bebedeira* son algún dos títulos deste autor, cuxa vida e traxectoria se recollen no libro *Florencio Delgado Gurrarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés*.

Continuando a ruta chegaremos a **Monforte de Lemos**, xa en Lugo, que durante a Idade Moderna viviu unha época de esplendor que o levou a ser un dos condados máis influíntes de toda España. Actualmente ofrece ao visitante poder desfrutar de magníficos exemplos arquitectónicos como o Mosteiro

de San Vicente do Pino, o Colexio de Nosa Señora da Antiga, que conserva unha destacada pinacoteca, o Pazo de Tor ou a Torre da homenaxe, ademais da magnífica colección, unha das máis importantes no ámbito nacional de arte sacra, que atesoura o Museo de Arte Sacra das Clarisas.

Desta vila lucense era oriundo o escritor **Lois Pereiro**: «Quero ser como Manuel Antonio: escribir un libro e morir xoven», afirmaba este autor que falecería con só 38 anos. En 2011 a Real Academia Galega homenaxeouno dedicándolle o Día das Letras Galegas e a Casa da Cultura e a biblioteca mu-

A Ribeira Sacra ten inspirado a diversos escritores, como **Manuel María**, que en *Cantigas e cantos de Pantón* fai un percorrido polos territorios deste concello. Asimesmo, baixo o título *Los hidalgos de Monforte*, o escritor **Benito Vicetto** percorre diversas zonas da comarca monfortina e **Dolores Redondo**, máis recentemente, gañou o coñecido Premio Planeta gracias á súa obra *Todo esto te daré*, que xa foi traducida a varios idiomas, cuxo fío narrativo xira entornao ao esclarecemento do falecemento dunha personaxe en extranas circunstancias.



Castro Candaz, Chantada



nicipal de Monforte levan o seu nome. Autor de *Poemas 1981/1991*, *Poesía última de amor e enfermidade*, *Náufragos do Paradiso* ou *Poemas para unha Loia*, Pereiro colaborou con destacadas revistas como La Naval, Loia ou Luzes de Galiza. Está considerado como un dos escritores máis auténticos da literatura galega. Para coñecer máis sobre o seu universo persoal e as claves para interpretar a súa poesía recomendamos o título *Lois Pereiro. Vida e obra*, escrito por **Iago Martínez**.

Proseguindo o percorrido polo Camiño de Inverno chegamos a **Chantada**, situada no corazón de Galicia e no magnífico enclave que é a Ribeira Sacra.

Neste pobo naceu **Amador Castro**, cuxas obras son unha lectura magnífica para coñecer máis sobre a sociedade galega. En *Memorias de antes do encoro* recrea a vida dunha poboación rural asolagada baixo as augas dun encoro; en *Shangai a Barcelona* ficciona sobre a emigración da poboación galega a Barcelona durante as décadas dos anos 60 e 70 do pasado século e en *Pillabán*, *pillabán* retrotráese ao ambiente rural da Baixa Idade Media na localidade lucense de Cereixa, de onde era oriúnda María Castaña, figura histórica que liderou a rebelión contra o poder eclesiástico.

Pound

Pensando en Ezra Pound medrando en Hailey-Idaho, abandoado da Historia, entre grandes espazos invadidos de océanos de coníferas. Pensar en ti, pobre Ezra, «seeing he had been born/in a half savage country», sen atletas en mármore, semidioses de bronce ou sombras de pagoda. Iles ecos da América mestiza, rimas de Chicago-Illinois ou Tucson-Arizona na súa infancia. Pobre Ezra extraviado entre a lenta morfina da Europa de entreguerras, de entremortes. Ezpaund alone, away, my vello e maníático maestro exercendo con calma o seu fascismo entre a pedra domada de Firenze, sol seco de Rapallo entre ruínas. And Blast Italia!, a perversión dun xenio intoxicado de arqueoloxía mental grecolatina, dun «remake» bastardo de antigas glorias, de soños imperiais de purpurina. Qué se sente no bando do pasado, na cárcere de Pisa, no silencio demócrata da pequena Siberia americana, dise hospital psiquiátrico de Washington. O arrebatado épico da imaxe, a fragmentación culta do naufraxio dunha civilización ferida pola histeria. Esa carencia orgánica de tonos wagnerianos nos teus versos, desa profundidade atea e radical do espírito cultural centroeuropeo. Da intensidade eslava que infectara de outros futurismos a túa excesiva sede de retórica, invertindo o signo das túas nostalgias. Calai a Marinetti, a Russolo, ós intonarumori do fascismo!

disputacións formais da realidade, cuspidolles a Dublin Capstan Tobacco. Falando de Ezra Pound, Hugh Selwyn Mauberley, poetizando o discurso multidireccional do horror civilizado. A dimensión do seu esteticismo, a épica europea forxadora de nobles asesinos. Perdoándolle a Whitman o optimismo, profeta dunha terra adolescente. Saint Elizabeth Hospital, a venganza política da Histeria, onde purgar a túa errada fe nun novo imperio artesanal da Arte, a túa dogmática visión da Usura, a túa aburrida mística fascista. Nas costas de Cathay, nun exercicio sado-sad eloxio da tristura, feliz no teu inferno vorticista. Bless England for his ships, bless the vast planetary abstraction of the ocean! Travestido after war en carne de psiquiatra, en renegado, en ficción literaria enxenada, en símbolo da culpa. Mentres elaboraba os «Rock-drill Cantos, demasiado tarde pra ser Whitman, pra non ser Mr. Pound, máquina culta e sobria que electriza de novo cada imaxe, convertindo a súa esencia nun poema: «The apparition of this faces in the crowd/Petals on a wet, black bough» (In a station of the metro). Convocando a Ezra Pound neste desorde, na actitude dun xenio derrotado. Lembrándote no prólogo da morte, en atroz decadencia viscontiana, renunciando o poder da túa obra, que reducirías a un soio Haiku. Esa amarga derrota resignada de non ter sido Piero Della Francesca; tarde pra ser Flaubert Rihaku, ou unha sombra anónima sen nome nen historia

Lois Pereiro

Tamén de Chantada son **Ánxel Boán Rodríguez**, colaborador de diversos diarios e revistas, que compaxina a súa profesión de avogado coa de escritor, inspirándose no mundo rural en títulos como *As cousas do Fuco*, *As árbores das idades* ou *Corenta sonetos de amor e conforto*; e **Xavier Costa Clavell**, xornalista e escritor, autor de ensaios como *Perfil conflictivo de Galicia*, *Bandolerismo*, *romerías y jergas galegas* ou recopilacións poéticas como *A rouca gorxa do meu ser* ou *Os anos de vougo e outros poemas*.

O veciño concello de **O Saviñao**, tamén na Ribeira Sacra, cunha economía baseada na agricultura e na gandería, á que recentemente se uniron o turis-

mo cultural e rural, é o seguinte que o viaxeiro atopará neste Camiño de Inverno. Este é o lugar de orixe de **Xavier Quiroga**, escritor de *Se buscabas un deus*, *Zapatillas rotas*, *Izan o da saca*, en base ao cal se poden facer percorridos que aparecen no libro por O Saviñao e Pantón; *Atuado na Braza* e *O cabo do mundo*. Este título leva o topónimo dun meandro moi pronunciado que realiza o río Miño entre os concellos de O Saviñao e Chantada, converténdose nunha das paisaxes máis identificativas da comarca e desde a cal se contemplan perfectamente os socialcos para cultivar o viño, bancais de pedra que soben ladeira arriba ao longo da ribeira, que xa se construían en época romana.

